

# Galiza Pulgas Circus

Circo de Pulgas Carruselo



Un espectáculo dirixido a nenas e nenos entre 3 e 9 anos.

## **Argumento:**

O Circo das Pulgas d@s Carruselo –Galiza Pulgas Circus- presenta números circenses orixinais e únicos no mundo das pulgas: Esmeralda, coidadosa pianista e increíble equilibrista, sabe ler!; Breogán, dono das alturas, amante do risco, pulga bala, salta á piscina nun triple mortal; e Mimi, a pulga que interactúa cos nenos, e capaz de xogar ao fútbol –cunha pelota do seu tamaño-, e fai equilibrios enriba dunha pelota de tenis de mesa.

As pulgas do espectáculo foron domadas durante un longo período de tempo seguindo a tradición galega dos máis prestixiosos domadores de pulgas polo propio Claudio Carruselo, na que non se emprega ningún tipo de maltrato aos animais.

Aínda que as pulgas non chegan a falar, a súa lingua propia, na que gustan escoitar falar os nenos e nenas, é o galego.

## **Ficha artística:**

Dirección: Familia Carruselo

Actor: Claudio González (Claudio Carruselo), como Domador- Psicoentomólogo.

Artesán e técnico: Claudio González (Claudio Carruselo)

Manipulador: Séchu Sende

Guión: Séchu Sende.

## **Ficha técnica:**

O Circo de Pulgas ten unhas medidas de 70 cm de ancho por 1.50 de longo e 70 cm de altura.

O Circo debe montarse nun local con pouca luz ou con posibilidade de escurecer.

Tempo de montaxe: 40 minutos.

Tempo de desmontaxe: 20 minutos.

É necesaria unha toma de electricidade.

Capacidade:

Máximo: 25 espectador@s por cada sesión.

Os nenos e nenas deben estar sentad@s en cadeiras ou de pé.

Idade recomendada

A idade óptima para o disfrute do espectáculo é a de 3 a 9 anos.

Duración do espectáculo

45 minutos cada sesión. 10 minutos de descanso entre sesión e sesión.

**PROPOSTA DE ORZAMENTO:**

Os dous irmáns Carruselo realizarán un máximo de **3 sesións** diarias (de 50 minutos).  
Cada unha delas estará dirixida a un grupo de 30 alun@s como máximo.

O custo global da actividade varia en función das sesións contratadas.

**Máis información:**

<http://circodepulgas.blogaliza.org/>

**Contacto:**

carruselo@hotmail.com